



A TOLA DO POBO

Era a tola do povo
cos seus andares de festa,
nas meixelas e nos beizos,
o cor da rosa vermella.

Vestía roupa de moza
cando xa era unha vella,
lazadiñas e volantes
as medias brancas de seda.

Na súa fronte de enrugas
había soños de nena,
fora moza noutros tempos,
apaixoadá doncela.

A candeña do tempo
quedóu parada na estrela,
na súa mente dormida
de namorada moneca.

Levava no seu sombreiro
as frores da primaveira,
cabelo roxo, revolto,
lucindo a súa beleza.

Nos días fríos de chuvia
puña coroza labrega,
mañanciñas polas rúas
lucindo a súa tolemia.

Nas festas grandes do povo
foguetes e rosquilleiras,
puña traxe de marino
honrando a nosa bandeira.

Cal unha gran soberana,
que todo llo dan sin prendas,
entraba nas ceremonias
coas súas portas abertas.

Tiña garbo cos andares
dunha mociña solteira,
cos seus zapatiños tortos
e tembládo-lle as pernas.

Roupa curta con encaixes
coas lazadiñas de seda,
os seus cabelos de ouro
cal si fora volvoreta

Na súa axenda de louca,
con cheiro de violetas,
gardaba belos retratos
que lle fixeran na feira.

Fora unha gran siñora
que soio Deus a fixera.
¡Aquil anxeliño tolo
que se perdéu pola terra !.

Un persoaxe do povo
que tiña i-alma de nena,
cunha riqueza de soños
ca súa mente esquecera.

Aurora Vidal Martinez
C. da Real Academia Galega



A nuestros anti-
guos compañeros,
y con el cariño de
siempre.

Bon Nadal e feliz Aninovo.

Que rebeniquen as campás da
Paz polo mundo enteiro.

Marcial

Murto

Marcial Pantín Folgar

Aurora Vidal Martínez

Pontevedra, 1994 - 1995